

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE XANEIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 28 de xaneiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 23 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 5, 6 e 10)
D. Jesús López Moure, vogal xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a enxeñeira Industrial, a técnica media de Obras Públicas da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 23 de xaneiro de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica



a) Procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do mantemento integral das instalacións do túnel (PM)
1	OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A. (OHL)	10.025.169,44	4 trimestres
2	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA - CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	9.583.200,00	4 trimestres
3	UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GÉVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	9.361.026,78	4 trimestres
4	UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMÁN, S.A.	9.451.036,65	4 trimestres
5	UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L.	9.235.486,70	4 trimestres
6	UTE COMSA, S.A.U. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	9.176.269,68	4 trimestres
7	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	9.413.137,77	4 trimestres
8	UTE FRANCISCO GÓMEZ- AVINTIA CONSTRUCCIÓN	10.136.764,81	4 trimestres
9	UTE DRAGADOS, S.A. - PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	9.622.760,01	4 trimestres
10	UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. E VÍAS E OBRAS, S.A.	9.603.816,57	4 trimestres
11	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	9.249.698,78	4 trimestres

Asisten á apertura D^a. Dori García Navarro, con DNI ****.*33.25***, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Pablo García Noguero, con DNI ****.*80.02***, en representación de DRAGADOS, S.A.; D. Fernando Mallo Fernández, con DNI ****.*44.79***, en representación de AVINTIA CONSTRUCCIÓN; e D. Enrique Esteban Carrasco, con DNI ****.*43.77***, en representación da UTE COMSA, S.A.U. - OGMIOS PROYECTO, S.L.. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos de data 28 de xaneiro de 2020 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación. No referido informe indícase que non hai ofertas en presunción de anormalidade.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acepta o anterior informe.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:17	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74E-E5C741-A322CA-H2YH2C-9XYC44-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

Retírase da orde do día porque no informe de data 28 de xaneiro de 2020, aceptado no punto anterior, se indica que non hai ofertas en presunción de anormalidade.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L.	91,02
2	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA - CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS,S.A.	90,18
3	UTE COMSA, S.A.U. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	90,10
4	UTE DRAGADOS, S.A. - PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	89,29
5	UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GÉVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	88,56
6	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - VÍAS E OBRAS, S.A.	86,92
7	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	86,80
8	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. -CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	84,89
9	UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMÁN, S.A.	82,32
10	UTE FRANCISCO GÓMEZ- AVINTIA CONSTRUCCIÓN	75,08
11	OBRASCÓN HUARTE LAIN, S.A. (OHL)	74,90

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación



a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bibliotecarios complementarios para o funcionamento da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (avenida Martínez Garrido, 31, CP 36205 Vigo).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 11 de outubro de 2019, redactado polo Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 17 de outubro de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 591.004,12 € (cincocentos noventa e un mil catro euros con doce céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 102.570,96 € € (cento dous mil cincocentos setenta euros con noventa e seis céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3321.227.99.10 “Funcionamento Biblioteca Martínez Garrido”, según o seguinte detalle:

2020 (3 abril-31 decembro)	2021	2022 (1 xaneiro-2 abril)
219.163,00 €	295.502,06 €	76.339,06 €

5º.- Autorizar á mesa de contratación, de conformidade co artigo 326.5 da LCSP, a solicitar, se o estima oportuno, informes técnicos para a valoración dos criterios cuxa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:17	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74E-E5C741-A322CA-H2YH2C-9XYC44-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



cuantificación dependa dun xuízo de valor, aos seguintes especialistas na materia relacionada co obxecto do contrato:

- * Inmaculada C. Serrano Plaza, directora Biblioteca Pública "Juan Compañel" de Vigo.
- * Gerardo Marraud González, director Biblioteca Universitaria-Universidade de Vigo.
- * Mariña Fariñas Pérez, axudante de bibliotecas da Universidade de Vigo.

6º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de xaneiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L.	92 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., o día 9 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 23 de xaneiro de 2020, dentro do prazo concedido.

Transcorrido o referido prazo, con data do 28 de xaneiro de 2020, o citado licitador presenta certificado acreditativo da solvencia técnica declarada na documentación presentada o 23 de xaneiro. Agora ben nos supostos nos que o licitador presentara a documentación no prazo sinalado pero fose incompleta ou con defectos emendables, a Xunta Consultiva de Contratación do Estado considera que o órgano de contratación deberá darlle a este licitador un prazo para emendar que sexa suficiente (Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos d texto refundido da Lei de contratos do sector público tras a modificación desta realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:17	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74E-E5C741-A322CA-H2YH2C-9XYC44-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 de decembro de 2019 e co acordo da Mesa de Contratación do 8 de xaneiro de 2020 polo que se outorgou ao único licitador presentado a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (15.967-331) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 543.858,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.388,63 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:17	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74E-E5C741-A322CA-H2YHZC-9XYC44-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- b) *Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) *Comprométese a por a disposición do servizo 75 horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada, formada pola proposición avaliable mediante xuízo de valor e a proposición avaliable a través de fórmula”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45, logo dun receso entre as 10:30 e as 11:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:17	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A74E-E5C741-A322CA-H2YH2C-9XYC44-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		